

# O APUPPO



Ano 1 - N.º 1 - Xullo 2001.

BOLETÍN INFORMATIVO DA FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA

## Encontros de Embarcacións Tradicionais de Galicia

# 5

23 / 24 / 25 e 26  
Agosto \* POIO 2001

- Navegación
- Conferencias
- Música
- Carpintería de ribeira
- Mesas redondas
- Exposicións
- Gastronomía
- Artesanía

### Vº ENCOTROS DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA, COMENZA A CONTA ATRÁS.

Dende 1993 e cada dous anos, a Federación Galega pola Cultura Marítima convoca a tódalas asociacións membros da mesma e tamén invita ás de outros países a participar na que é a gran festa da cultura e do patrimonio marítimo de Galicia.

Entre os días 23 e 28 de agosto van ter lugar os Vº ENCONTROS DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA onde poderemos disfrutar duna man chea de actividades atractivas así como da presenza de embarcacións tan especiais como os "currags" de Irlanda e Bretaña, e o barco de coiro recuperado en Pasaia (Euskadi) que arribarán a Galicia rematando así unha aventura que comezou hai cinco anos: o proxecto "San Eflán", no que os mariñeiros que navegan a bordo destes barcos de coiro queren redescubri-las rutas marítimas que na Idade Media realizaban os monxes irlandeses ata a Bretaña Francesa e de alí ata Galicia, amáis contaremos con toda unha flota de embarcacións tradicionais

que pertencen as diferentes Asociacións da nosa Federación e outras procedentes de Catalunya, Illas Baleares e Portugal.

Nesta ocasión os encontros van ter unha particularidade como é a de contar con dous lugares diferentes para o seu desenrolo. Entre os días 23 e 26 de agosto as actividades terán lugar na Ría de Pontevedra e máis concretamente no porto de Combarro (Poio), onde se levará a cabo un amplo programa de actividades como son o recibimento das embarcacións de coiro na entrada da Ría de Pontevedra por tódalas demais embarcacións participantes nos Encontros, travesías pola ría, un encontro de carpinteiros de ribeira, conferencias, actuacións musicáis, e moitas outras actividades relacionadas co mundo do mar.

Os días 27, 28 e a escea cambiará a Vigo e a súa ría, xa que os barcos de maior porte o día 27 se trasladarán en travesía dende Combarro a dársena da Estación Marítima de Vigo,

sendo acompañadas dende a entrada na ría por tódalas embarcacións que o desexen. A partires das 19 horas do día 27 e ata o día 28 na propia estación marítima se poderán visita-las exposicións "O patrimonio marítimo de Galicia" (Federación Galega pola Cultura Marítima), "Itinerarios celtas: os monxes navegantes" (Asociación bretona "Aux Marches du Cranou") e "O mar de Vigo" (Patrimonio Histórico do Concello de Vigo).

Ademáis destas exposicións disfrutaremos os días 27 e 28 de concertos de música mariñeira e diversas actuacións nas rúas.

O día 28 contaremos cunha travesía Náutico-Vao, tendo prevista a chegada as 13 horas. A partires ds 13,30 a Escola Obradoiro "Mar de Vigo" desenvolverá unha serie de actividades como son a "varada de gamelas con rolos", remo en chalana e navegación con gamelas, todo elo na praia do Vao.

Ademáis dende as 11 da mañá a Escola Obradoiro que se atopa a carón do campo de fútbol do Coruxo (tamén no Vao), estará en xornada de portas abertas.

# O APUPO



Ano 1 - N.º 1 - Xullo 2001.

BOLETÍN INFORMATIVO DA FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA

## Encontros de Embarcacións Tradicionais de Galicia

# 5

23 / 24 / 25 e 26  
Agosto \* POIO 2001

Navegación  
Conferencias  
Música  
Carpintería de ribeira  
Mesas redondas  
Exposicións  
Gastronomía  
Artesanía

**POIO 2001: 5º ENCONTRO DE EMBARCACIONES TRADICIONAIS DE GALICIA. COMEZA A CONTA ATRÁS**

Desde 1993 e cada dous anos, a Federación Galega Pola Cultura Marítima convoca a tódalas asociacións membros da mesma e tamén invita ás doutros países a participar na que é gran festa da cultura e do patrimonio marítimo de Galicia.

Este ano, entre os días 23 a 26 de Agosto van ter lugar en Poio (Pontevedra) o 5º Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, e alí poderemos disfrutar dunha manchea de actividades atractivas, especialmente da emocionante recalada de embarcacións tan singulares como os "currags" procedentes de Irlanda e Bretaña e o barco de coiro recuperado en Pasaia (Euskadi), que rematarán en Galicia unha aventura que comezou hai cinco anos.

Dende aquela, no proxecto "Sant Eflam", os mariñeiros que navegan a bordo destes barcos quixeron redescubrir os roteiros marítimos dos celtas, dende a rota do estaño precristiá ata as navegacións dos monxes irlandeses que, na alborada da Idade Media, arribaron a Bretaña primeiro, e logo ao Norte de Galicia. En Combarro, como non podía ser menos, sairá a recibirlles ás Illas Ons toda unha flota de embarcacións tradicionais que pertencen ás diversas asociacións da nosa Federación, así como outras procedentes de Portugal, Bretaña, Euskadi e Catalunya.

Canto ao amplo programa a desenvolver en Combarro (Poio), podemos salientar ademais da xornada adicada aos carpinteiros de ribeira, as travesías pola ría, a presentación da Revista dos Encontros, as actuacións musicais e unha conferencia sobre as embarcacións de coiro a cargo do profesor Fernando Alonso Romero, a

apertura de tres interesantes exposicións; a saber: "Itinerarios Celtas: os monxes navegantes" (Asociación bretona "Aux Marches du Cranou"); "O Mar de Vigo" (Concello de Vigo); e "O Patrimonio Marítimo de Galicia" (FGCM).

**VIGO: FINAL DE TRAXECTO DO «SANT EFFLAM»**  
A Asociación "Aux Marches du Cranou" decidiu que o proxecto "Sant Eflam" finalizara en Vigo, posto que as Cíes son un dos referentes míticos das Illas Casitérides, ricas daquela en estaño e chumbo (Dossier De Navigatio "Itinéraires Maritimes des Celtes", Outono 2000, [www.kerys.com/denavigatio/efflam](http://www.kerys.com/denavigatio/efflam)). En consecuencia, o día 27 de Agosto os "currags" e o barco de coiro euskaldún poñerán rumbo a Vigo, onde rematarán a súa singradura. E, para poñerlle o ramo a días de tan intensas emocións, a FGCM invita aos barcos que o desexen a acompañar aos compañeiros bretóns, irlandeses e vascos, a facer a travesía con eles dende Combarro ata á dársena da Estación Marítima do porto vigués, onde serán recibidos por embarcacións daquela ría, dando comezo así as actividades de «VIGO NA AVENTURA ATLÁNTICA». Alí, poderán ser visitadas outra volta as devanditas exposicións, amais de disfrutar dun concerto de música mariñeira vasca, bretona e galega, ao abeiro do ano adicado ás linguas minoritarias en Europa. O día 28, e como despedida, haberá tamén unha pequena travesía ata a praia do Vao, onde están previstas unha varada de gamelas con rolos e outras demostracións a cargo da Escola Obradoiro "Mar de Vigo".

**!!Que disfrutedes!!**

## A F.G.C.M. NA ILLA DE TATIHOU...

O museo Marítimo de Tatihou (Normandía) participou na exposición itinerante "Vivir no atlántico Norte" xunto coas cidades de Santiago de Compostela, Bergen (Noruega) e Reykjavik (Islandia). Esta exposición estivo na illa de Tatihou de Marzo a Xuño e coincidindo con ela a F.G.C.M. foi convidada a organizar a SEMANA DE GALICIA EN TATIHOU.

Ata alá foi a expedición galega, que levou a dorna a "Coninha" e a exposición O PATRIMONIO MARÍTIMO GALEGO que estaba arroupada por outra parte máis activa onde a sempre vital redeira Rosiña de Portonovo sorprendía o público pola súa destreza. O mañoso cesteiro Toño da Escola de Cestería do Concello de Vigo tanto facía un cesto de nasas de mar como daba unhas maxistras clases prácticas. Os músicos co sempre armonioso Mouriño a cabeza facían pasarruas e demostracións de cómo se toca a gaita, o pandeiro, as cunchas etc. e para completar esta dinámica exposición estaba a Escola Obradoiro "Mar de Vigo" o fronte da cal a súa directora Rocio aportou paneis informativos, maquetas e materiais para facelas.

En canto a Coninha decir que somestes esta dorna unha preciosa BISKINE (unha das máis senlleiras embarcacións do patrimonio marítimo francés) chamada "AMI PIERRE" atrevéronse a navegar xa que o vento nunca baixou de forza catro cunha mar que paseaba permanentemente polos corredores.

Ademáis de ter que estar pendente dos horarios da mareas pois había ata doce metros de diferenza de marea e unhas ondas en rompente e ameazantes por detrás da illa, uns fondos cheiños de paneis ostreiros e un dique con sistema temporizador. Perante a estadia establecéronse distintos contactos e compromisos de colaboración entre os que destacamos os seguintes:

- O Museo do Mar de Tatihou comprometése a asistir ós Encontros de Embarcacións tradicionais de Galicia na edición do 2003.

- A Asociación "Le Tourp" solicita a colaboración da F.G.C.M. para o proxecto do museo no ano 2002 na comarca de "La Houge" cunha exposición permanente e comparativa sobre as paisaxes e modos de vida de dita comarca e Galicia, Bretaña, Irlanda e Australia.

- Colexio de encino secundario de Sant Bast mantén conversas de cara a preparar unha visita dese colejo a Galicia coordinada pola Escola Obradoiro Mar de Vigo.

- O presidente de Normandía anunciou a presenza galega nas xornadas gastronómicas internacionais a desenrolar en Normandía no 2002.

## ... O 23 DE XUÑO EN ARCACHÓN (FRANCIA)

A asociación "Le Couldey" da localidade de Arés no norde do Golfo de Arcachón, organizou por primeira vez a "Volta ó Golfo de Arcachón" para as embarcacións tradicionais das vilas da zona, sendo convidada especial a F.G.C.M. como resultado do interese que en Douarnenez espertara a expedición galega.

Dende Galicia desprazamos a Francia unha exposición en terra e unha dorna polbeira, a "Pelexa" do capitán Isidro Mariño, que asombrou cunha manobra de atraque perfecta polos complicados diques de entrada.



Bisquine "AMI PIERRE" construída por el taller de carpintería del museo marítimo de Tatihou.

## ...O 31 DE MAIO E 1 DE XUÑO EN AVEIRO

A F.G.C.M. foi convidada a participar no "1º BOMBORDO DE EMBARCAÇÕES TRADICIONAIS" de Aveiro xunto con representantes de Holanda e Inglaterra. Tratáronse toda clase de temas relacionados coa defensa, restauración, investigación e promoción do patrimonio marítimo. Alí xuntáronse tódolos clubs de embarcacións tradicionais do litoral portugués que están tentando federarse co obxecto de facer un fronte común.



**O PATRIMONIO  
MARÍTIMO  
GALEGO  
NO SALÓN  
NÁUTICO  
DE VIGO**

No medio dos barcos de fibra, dos motores foraborda e do espírito mercantilista que se respiraba no SALÓN NÁUTICO que tivo lugar en Cotogrande (Vigo), atopábanse a dorna da Asociación "SAN MIGUEL" de Bouzas, unha gamela de Coruxo do colectivo "A Buxaina", unha gamela guardesa da Asociación de Gameleiros de Vigo así como un bote polveiro de "OS GALOS" de Bueu, toda unha sinal de que o traballo das diferentes asociacións da Federación Galega pola Cultura Marítima comenza a dar o seu froito e temos un espacio gañado na vida socio-cultural de Galicia. Estas catro embarcacións estiveron arroupadas polos catorce paneis que compoñen a exposición que Sobre o Patrimonio Marítimo realizou o grupo Etnográfico Mascato para a F.G.C.M.

A F.G.C.M. quiere agradecer a axuda prestada por Alvaro Otero, membro da organización do Salón e do Club Náutico de Vigo, que de xeito desinteresado ofreceunos esta posibilidade, que tamén foi compartida por unha representación do Concello de Vigo relacionada co Patrimonio Marítimo como son a Escola Obradoiro "Mar de Vigo", a Aula Etnográfica do Mar e a Casa do Cesteiro.

**Bueu 2001**

**V ENCONTRO de  
EMBARCACIÓNS  
TRADICIONAIS**

**Do 10 ó 15 de XULLO**



*Bueu, Praia de Pescadoira a principios do século XX*

**Organizan**

**Concello de Bueu**

**Asoc. "Os Galos"**



**PROGRAMA DE ACTIVIDADES BUEU 2001  
V ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS**

**Martes 10 de xullo**

As 21 horas na Casa da Cultura de Bueu

*Presentación do V Encontro de Embarcacións Tradicionais de Bueu a cargo de Antón Pais, Presidente da Asociación "Os Galos".*

**Mércoles 11 de xullo**

As 21 horas na Casa da Cultura de Bueu

*Pasado e futuro das carpinterías de ribeira. Homenaxe ós carpinteiros de ribeira de Bueu.*

**Xoves 12 de xullo**

As 21 horas na Casa da Cultura de Bueu

*Presentación do libro "Madeira de Mar" (apuntes sobre a gamela) de Iñigo Echenique-Enxeñeiro naval.*

**Venres 13 de xullo**

Entre as 18 e as 20 horas, no pantalán de Pescadoira-Bueu, *benvida ás embarcacións participantes no Encontro.*

As 21 horas na Casa da Cultura de Bueu

*Presentación do programa de actividades.*

do V Encontro de Embarcacións

Tradicionais de Galicia, a celebrar en Poio-Combarro do 23 ó 26 de agosto do 2001, a cargo de Xaquín Cuiñas, secretario da Federación Galega pola Cultura Mariña

As 22 horas cea nun restaurante da localidade para as tripulacións das embarcacións inscritas no Encontro

**Sábado 14 de xullo**

Paseo marítimo das embarcacións pola enseada de Bueu.

As 12 horas: 1ª manga da Regata de Dornas.

As 16 horas: 2ª manga da Regata de Dornas.

As 21 horas na Casa da Cultura de Bueu

Museos mariñeiros. Ramón Rodríguez, museólogo e historiador.

**Domingo 15 de xullo**


As 12 horas na praia da Banda do Río

Regata de Gamelas

As 13,30 horas entrega de premios e trofeos.

II XORNADAS INTERNACIONAIS  
DE CULTURA TRADICIONAL

" ANDAR AO MAR "



CARNOTA, 22-23-24  
do San Xoan

Foto: Maribel Longueira

Como xa foran anunciadas no anterior número de "O APUPPO", os pasados 22-23-24 do San Xoán tiveron lugar en Carnota as II Xornadas Internacionais de Cultura Tradicional, organizadas pola Asociación Cultural "Canle" e a Cofradía de Pescadores de Lira.

Temos que sinalar que é difícil que unhas xornadas que se desenrolan perante tres días en sesións de mañán e tarde sexan capaces de manter tan alto o interés dos participantes como o fixeron estas de Carnota, cun mérito especial, o de saber implica-los veciños e visitantes nas mesmas.

As conferencias e mesas redondas desenroladas na Casa do Concello foron complementadas coa exposición da F.G.C.M. sobre o Patrimonio Marítimo de Galicia (que servía o tempo de decoración do salón de actos da Casa do Concello), así como outras de maquetas de embarcacións e conchas mariñas. Os alumnos dos C.E.I.P. de Carnota montaron unha exposición sobre Artes de Pesca no seu colexio onde tamén se contaba cunha sala de ordenadores onde os visitantes poidemos coñecer e manexar o programa informático "O MAR" desenrolado polo equipo de educadores deste colexio e adicado a educación infantil e primaria. A Lonxa de Lira foi un marco do máis apropiado como cine nocturno que se encheu de público para a proxección de películas históricas sobre o mundo do mar, recentemente resturadas polo C.G.A.I.

En canto a concentración de embarcacións tradicionais sinalar que tivo lugar no porto de Lira na tarde do sábado día 23, alí atopábanse dúas lanchas xeiteiras, cinco dornas, un falucho de xogo de Bouzas e unha catraia de Viana do Castelo, dispostos para facer saídas ó mar có numeroso público que alí se atopaba, máis unha forte nortada fixo desistir, logo de ver que na primeira saída as embarcacións tiñan dificultades para navegar. Nembargantes a melloría do tempo do día seguinte permitiu que pola mañá si se navegase cunhas excelentes condicións. Noraboa os organizadores e colaboradores destas xornadas porque sodes un exemplo de traballo e de ben facer a prol da cultura tradicional.

**BREVES**

-Cursos de vela tradicional (nivéis : iniciación, perfeccionamento e especialización). Duración de cada curso 15 días. Para máis información :Asociación Cultural Dorna (Illa de Arousa), teléfono 607874608 – 646535399.

-“BOGANDO ENTRE AMIGOS” actividade de saída ó mar en trainera, gratuita e aberta a todo o público, a partires de 14 anos. Información na Asoc. de Marineros Artesanales y Deportivos “SAN MIGUEL DE BOUZAS” (Vigo), teléfono 646288805.

- 21 e 22 de xullo: ENCONTRO DE EMBARCAÇÕES TRADICIONAIS DE ESPOSENDE.

- 24 de xullo: Festas da Dorna. Localidade Ribeira.

- 26 e 27 de xullo: escala da Sant Eflan en Pasaia en ruta a Combarro (Poio) e Vigo.

**EDITA**

FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA  
Casa da cultura r/nova n.º 4. 36630. Cambados.  
Tlfn: 986 753 412.  
E-mail: fdcmgalicia@mixmail.com.

**COLABORADORES**

Rosa, Lola, Jabuchi, Victor, Xaquín.

**DESEÑO E MAQUETACIÓN**

Manuel Canabal Piñeiro.

*Tódalas asociacións e particulares que desexen enviar as súas colaboracións a "O Apupo" poden facelo no seguinte enderezo:*

*V.F.G. Camiño da Raposa 37 - 1º.  
36208. Vigo.*

*E-mail: vicbouzas@hotmail.com.*